



Estratexias de adaptación das explotacións leiteiras cántabras no actual escenario poscotas

Ofrecemos os resultados preliminares dunhas enquisas realizadas a explotacións con vacún leiteiro en Cantabria, que fan referencia á súa dinámica recente, aos principais limitantes e ao seu comportamento futuro.

Ibán Vázquez González¹, Elena García Suárez¹,
Ana Isabel García Arias²

¹Área de Socioeconómica. Centro de Investigación e Formación Agrarias (CIFA)

²Dpto. Economía Aplicada. Escola Politécnica Superior de Lugo. Universidade de Santiago de Compostela (USC)

INTRODUCCIÓN

Durante as últimas décadas o sector do vacún leiteiro en España experimentou un intenso proceso de axuste e de transformación, debido ás variacións habidas nas políticas agrarias, nos mercados e na adopción das innovacións tecnolóxicas. O resultado foi un forte descenso no número de explotacións, un incremento da dimensión e a intensificación produtiva.

Nos últimos quince anos o prezo do leite sufriu unha considerable variación e neste período destacan episodios de altos prezos, como os rexistrados a mediados de 2007 e a finais de 2013, e os de baixos prezos vividos en 2009 e a finais de 2016. Ademais, a forte elevación habida desde o ano 2004 no prezo dos alimentos para o gando, os fertilizantes e a enerxía contribuíron a crear unha maior inestabilidade

▶ A CONTÍA TOTAL DO INVESTIMENTO ESTÍMASE EN 229 MILLÓNS DE EUROS

Táboa 1. Investimentos realizados nos últimos anos e préstamos pendentes de devolución (en miles de euros e porcentaxe de explotacións)

Producción (miles litros)	Investimento total		Préstamos pendentes	
	Miles €	Explotacións (%)	Miles €	Explotacións (%)
<100	48,6	50,0	34,5	25,0
100 <250	127,2	94,1	69,9	47,1
250 < 500	183,9	100	102,0	42,1
500 < 1.000	390,4	100	148,2	60,0
>= 1.000	684,8	100	214,9	51,9
Total	194,1	84,9	93,6	41,9

na renda dos gandeiros, que contrasta coa situación vivida nos anos precedentes.

Na actualidade as explotacións leiteiras han de enfrontarse a un novo escenario, caracterizado pola desaparición do sistema de cotas, a volatilidade dos mercados e as variacións nas políticas agrarias. A recente eliminación das cotas leiteiras, en marzo do ano 2015, sitúa os produtores ante a oportunidade de incrementar a produción, pero coa ameaza asociada a unha maior volatilidade dos prezos do leite e á inseguridade na comercialización.

MATERIAL E MÉTODOS

O material utilizado forma parte dun proxecto de investigación financiado pola Consellería de Medio Rural, Pesca e Alimentación do Goberno de Cantabria “Seguimiento y mejora de la eficiencia productiva del vacuno de leche en Cantabria en el actual escenario post-cuotas”, cuxo obxectivo é caracterizar a situación actual, a dinámica recente e as estratexias de adaptación das explotacións leiteiras de Cantabria no actual escenario poscotas.

A enquisa realizouse entre novembro de 2016 e febreiro de 2017 a un total de 86 explotacións, seleccionadas aleatoriamente segundo o volume de produción de leite na campaña leiteira 2015-2016: < 100.000 l (8 enquisas); 100 < 250.000 l (17 enquisas); 250 < 500.000 l (19 enquisas);

500 < 1.000.000 l (15 enquisas); >= 1.000.000 l (27 enquisas).

Os resultados preséntanse en valores medios e porcentaxes sobre o total, para os cinco estratos de produción e referidos ao conxunto da poboación (Módulo Mostras Complexas SPSS).

RESULTADOS


Investimentos e endebedamento

A gran maioría das explotacións leiteiras de Cantabria (85 %) realizou algún dos seguintes investimentos: maquinaria (últimos 10 anos), construcións e instalacións de muxido (últimos 20 anos), terras (últimos 10 anos) e cota láctea.

Estes investimentos, que permitiron mellorar a capacidade produtiva, ascenderon de media a 194.000 euros por explotación. A súa contía aumenta en función do tamaño, superando os 390.000 euros nas explotacións que producen máis de 500.000 litros (táboa 1).

A contía total do investimento estímase en 229 millóns de euros, dos cales un 31 % foi en construcións, outro 31 % en cotas leiteiras, un 27 % en maquinaria, un 10 % en instalacións de muxido e tan só o 1 % para as terras. Con respecto á distribución do investimento segundo o volume de produción, cabe dicir que as explotacións con producións comprendidas entre os 250.000 e 1 millón de litros, que son un 35 % en número, realizaron o 54 % do investimento total (figura 1). ▶▶

Figura 1. Distribución dos investimentos realizados nos últimos anos segundo concepto e estrato de produción (en porcentaxe sobre o total)



Como resultado do elevado investimento realizado durante os últimos anos existe un alto nivel de endebedamento. Cabe destacar que un 42 % de explotacións ten préstamos pendentes de devolución, por importe medio de 94.000 euros. Tanto o peso relativo de explotacións endebedadas como a cantidade pendente de devolución incrementáanse segundo o volume de produción. Así, máis da metade das explotacións con produción igual ou superior aos 500.000 litros ten préstamos pendentes de devolución cun importe superior aos 148.000 euros (táboa 1).

Capacidade produtiva

Entre 1992 e 2015 houbo un incremento da capacidade produtiva, tal e como se pode observar ao comparar a cota leiteira dispoñible, como consecuencia do elevado esforzo investidor (táboa 2).

De media, as explotacións incrementaron a súa cota en 217.000 kg, desde os 112.000 kg de 1992 ata os 329.000 kg de 2015. Este incremento foi maior nas explotacións con maior volume de produción, que son as que máis diñeiro investiron. Deste xeito, as que presentan producións superiores aos 250.000 litros case triplicaron a súa cota inicial. A maior

▶ O AUMENTO DA PRODUCCIÓN DE LEITE NAS EXPLOTACIÓNS DE MAIOR DIMENSIÓN ESTÁ LIMITADO POLAS CONSTRUCIÓN E POLAS INSTALACIÓNS DISPOÑIBLES

parte do aumento habido na cota leiteira débese á súa compra (65 %), que adquire unha importancia superior nas explotacións de maior tamaño (≥ 500.000 litros).

En Cantabria o 59 % das explotacións son capaces de aumentar a produción de leite cos recursos dispoñibles, de media en 134.000 litros (táboa 3). A maior capacidade de incremento téñena as explotacións con producións comprendidas entre os 100.000 e o millón de litros, cando hai máis dun 60 % de explotacións que poderían facelo.

En caso de propoñer un aumento da produción en 50.000 litros ou 200.000, un 36 % e un 7 % respectivamente das explotacións leiteiras de Cantabria poderían facelo cos recursos dispoñibles. Obsérvase como as explotacións de maior tamaño teñen unha menor disposición ao aumento da produción, o que vén indicar a limitación que teñen en estable, maquinaria e terras. ▶▶

Táboa 2. Evolución da cota láctea por explotación (en t) e variación (en t e % de cota comprada)

Produción (miles litros)	Cota (t)		Variación 92-15	
	14_15	92_93	t	Comprada (%)
<100	121	95	25	39,6
100 <250	224	84	140	46,7
250 <500	370	100	270	64,6
500 <1.000	651	161	490	74,6
>= 1.000	1.391	373	1.018	78,6
Total	329	112	217	64,7

A cota 14_15 refírese a 1.392 explotacións; a cota 92_93 refírese a 1.229 explotacións; a cantidade comprada refírese a 1.028 explotacións

Táboa 3. Capacidade de incremento da produción de leite cos recursos dispoñibles (en miles de litros e % explotacións) e porcentaxe de explotacións que poderían aumentar a produción en 50.000 e 200.000 litros

Produción (miles litros)	Incremento da produción		% expl. aumentan**	
	Miles litros*	% explotacións	50.000 litros	200.000 litros
<100	47,5	50,0	25,0	0
100 <250	119,5	64,7	41,2	11,8
250 < 500	158,2	63,2	42,1	5,3
500 < 1.000	219,2	60,0	40,0	20,0
>= 1.000	379,2	51,9	18,5	3,7
Total	134,4	59,4	36,1	7,1

*Valores medios das explotacións interesadas en aumentar a produción (escenarios de evolución)

** % de explotacións s. total que poderían aumentar a produción cos recursos dispoñibles



2019 figan

www.figan.es

19-22 marzo | march
Zaragoza (SPAIN)

14^a Feria internacional para la Producción Animal
14th International Animal Production Show

LIMITACIÓNS Á PRODUCCIÓN, DINÁMICA E PERSPECTIVAS DE FUTURO

As tres principais limitacións que teñen as ganderías leiteiras de Cantabria para o aumento da produción de leite son as seguintes: as construcións e as instalacións dispoñibles; así considéranos un 40 % das explotacións; as restricións da industria para comercializar a súa produción, que limita ao 25,5 %, e, por último, a base territorial (non dispoñibilidade de superficie, tamaño pequeno das parcelas, malas características do terreo...), que limita ao 23 %. As dúas primeiras adquiren maior relevancia nas explotacións de maior produción (>= 1 millón de litros), 63 % e 48 % respectivamente, mentres que as terras o son nas explotacións de menor produción (<100.000 litros), 37,5 % (táboa 4).

Por tanto, o aumento da produción de leite nas explotacións de maior dimensión está limitado polas construcións e instalacións dispoñibles, que moi probablemente están ao bordo da súa capacidade produtiva.

Táboa 4. Tres principais limitantes para o aumento da produción de leite (% de explotacións sobre o total)

Produción (miles litros)	Construcións e instalacións	Industria	Terras
<100	50,0	12,5	37,5
100 <250	23,5	29,4	11,8
250 <500	42,1	26,3	26,3
500 <1.000	53,3	33,3	20,0
>= 1.000	63,0	48,1	11,1
Total	39,9	25,5	22,8

En referencia á evolución recente, preguntóuselles aos titulares sobre os cambios realizados durante os anos 2014, 2015 e 2016, é dicir, durante o contexto de eliminación das cotas leiteiras. Propuxéronse un total de 28 medidas, agrupadas en 5 categorías (base territorial, gando, traballo, PAC e outros cambios).

A táboa 5 recolle os principais cambios realizados, considerando aqueles que tiveron lugar en polo menos ¼ parte das ganderías leiteiras. Os máis importantes foron os investimentos en equipos e instalacións (44 %), seguidos por unha produción de leite con máis calidade (41 %), unha mellora xenética para obter maiores rendementos produ-

Táboa 5. Principais cambios realizados no contexto de eliminación das cotas leiteiras (% de explotacións sobre o total)

Produción (miles litros)	TERRAS	GANDO		OUTROS	
	Inc. sup.	Inc. vacas	Aumentar a produción de leite	Mellorar a calidade de leite	Investir en equipos e instalacións
<100	12,5	12,5	12,5	25,0	12,5
100 <250	23,5	35,3	29,4	47,1	47,1
250 <500	36,8	10,5	63,2	36,8	47,4
500 <1.000	60,0	46,7	60,0	60,0	86,7
>= 1.000	59,3	51,9	63,0	51,9	77,8
Total	29,5	25,6	37,9	40,6	44,0

vos por vaca (38 %), un incremento da superficie (29 %) e un incremento do número de vacas (26 %).

Trátase de cambios orientados cara a unha mellora da produción e a calidade do leite, que teñen unha maior incidencia nas explotacións con maior volume de produción. Así, máis da metade de explotacións cunha produción igual ou superior aos 500.000 litros realizaron cada un deles (táboa 5).

En relación á evolución futura, a enquisa preguntoulles aos titulares sobre os cambios previstos para os próximos 5 anos (horizonte 2020), entre un total de 28 medidas propostas, agrupadas en 5 categorías (base territorial, instalacións-maquinaria-gando, traballo, PAC e outros). Os máis importantes, que levarán a cabo en, polo menos, 1/5 parte das ganderías leiteiras de Cantabria, son: reducir a carga gandeira (30 %), arrendar máis terra (29 %), mellorar o benestar animal e producir leite con máis calidade (28,3 %), reducir os custos de produción (28,1 %), mellorar a capacidade produtiva das terras (25 %), xubilarse (24 %), retirarse e dedicarse a outra actividade lucrativa (OAL) (20,4 %) e a reconversión da produción a leite ecolóxico (20 %) [táboa 6].

Os cambios previstos relativos á base territorial, ao gando e á redución de custos teñen maior incidencia entre as explotacións con maior produción; así, máis da metade das que producen máis de 1 millón de litros teñen previsto realizalos, con excepción da mellora da base territorial (41 %). Pola contra, os outros cambios relativos á retirada de actividade ou á diversificación da produción son máis relevantes en explotacións con producións baixas e medias, respectivamente (táboa 6).

ESCENARIOS DE EVOLUCIÓN

O comportamento das explotacións con respecto á produción de leite é moi sensible ás condicións de mercado do prezo do leite e do concentrado. Nunha situación favorable, con prezos do leite no horizonte de 2020 superiores a 0,36 € o litro e de concentrado inferiores a 0,28 € o kg, atopamos a maior proporción de explotacións dispostas a aumentar a produción (40 %). Nestas condicións aumentarían a produción case a metade de explotacións que producen entre 100.000 litros e o millón de litros; as granxas máis grandes son as menos interesadas nun aumento de produción, debido a que teñen unha maior limitación dos recursos dispoñibles (construcións e instalacións) [táboa 7].

Pola contra, ante unha situación de mercado desfavorable, prezos do leite inferiores a 0,30 € o litro e de concentrado superiores a 0,34 €, atopamos a maior proporción de explotacións dispostas a abandonar a produción (30 %). As que teñen maiores producións serían as máis sensibles a este escenario de mercado, pois entre un 40 e un 33 % abandonarían a produción. Esta circunstancia pode deberse a que o seu maior volume de actividade as fai menos resilientes a situacións prolongadas de prezos de mercado desfavorables (táboa 8).

CONCLUSIONES

- O traballo realizado con base nunha enquisa a produtores de leite de Cantabria permitiu coñecer os investimentos realizados, a capacidade produtiva, os principais limitantes, a dinámica recente, as perspectivas de futuro e a reacción fronte a determinados escenarios de evolución dos mercados.

Táboa 6. Principais cambios previstos para os próximos 5 anos (% de explotacións sobre o total)

Produción (miles litros)	BASE TERRITORIAL			GANDO	TRABALLO		OUTROS	
	Red. carga	Arrendar	Mellorar	Benestar e calidade	OAL	Xubilarse	Prod. ecolóxica	Rede. custos
<100	37,5	12,5	0,0	12,5	12,5	37,5	12,5	0,0
100 <250	23,5	29,4	29,4	29,8	23,5	23,5	29,4	29,4
250 < 500	26,3	31,6	31,6	26,3	31,6	26,4	21,1	36,8
500 < 1.000	33,4	46,6	46,6	53,3	13,3	0,0	13,4	60,0
>= 1.000	55,5	63,0	40,7	59,2	0,0	3,7	0,0	55,6
Total	30,3	28,9	24,7	28,3	20,4	24,3	20,0	28,1

Táboa 7. Porcentaxe de explotacións dispostas a aumentar a produción de leite ante distintos escenarios de prezos do leite e concentrado no horizonte 2020

Produción (miles litros) / Prezo concentrado (€/kg)	P. <leite 0,30 €/l		P. >leite 0,36 €/l	
	<0,28	>0,34	<0,28	>0,34
<100	0	0	25,0	0
100 <250	5,9	0	47,1	0
250 <500	0	0	47,4	0
500 <1.000	0	0	46,7	6,7
>= 1.000	0	0	22,2	3,7
Total	2,0	0	40,3	0,9

Táboa 8. Porcentaxe de explotacións dispostas a abandonar a produción de leite ante distintos escenarios de prezos do leite e concentrado no horizonte 2020

Produción (miles litros) / Prezo concentrado (€/kg)	P. <leite 0,30 €/l		P. >leite 0,36 €/l	
	<0,28	>0,34	<0,28	>0,34
<100	0	25	0	12,5
100 <250	23,5	29,4	11,8	11,8
250 <500	10,5	31,6	0	5,3
500 <1.000	20	40	0	13,3
>= 1.000	14,8	33,3	0	7,4
Total	13,6	30,2	4,1	10,4

- Durante os últimos anos as explotacións leiteiras de Cantabria realizaron un elevado esforzo investidor, que incrementou o seu nivel de endebedamento. É por iso que se recomenda unha adecuada planificación dos investimentos, con diferentes escenarios de prezos, e se valora a opción da contracción de servizos fronte á adquisición. Os investimentos en terras, que foron moi reducidos, posiblemente por unha reducida mobilidade da base territorial, cuestionan a necesidade de analizar en investigacións futuras as causas que determinan este reducido investimento.
- Como resultado do elevado esforzo investidor, aumentou a capacidade produtiva das explotacións leiteiras, polo que existe a posibi-

lidade na maioría de explotacións de aumentar a produción cos recursos dispoñibles. Con todo, nas explotacións de maior produción esta posibilidade é máis pequena, debido á limitación que supoñen as construcións e as instalacións dispoñibles, pois parecen estar ao bordo da súa capacidade produtiva. Outras limitacións importantes para o aumento da produción son a industria, na medida que os gandeiros non poden producir todo o que quixesen, e a base territorial. A incorporación de superficie permitiríalles aos gandeiros diminuír custos de alimentación e seren menos dependentes da evolución dos mercados das materias primas.

- A evolución recente das explotacións leiteiras de Cantabria carac-

terízase por moderados crecements da produción, producións con maior calidade e investimentos en equipos e instalacións, de maior relevancia nas de maior tamaño.

- A evolución futura das explotacións máis pequenas caracterízase por unha retirada de actividade ou a diversificación. As máis grandes, en cambio, parecen basear a súa estratexia na sustentabilidade e na eficiencia máis que no volume.
- O prezo do leite e o do concentrado son factores determinantes na evolución das explotacións. Unha situación puntual de baixos prezos do leite propiciaría o abandono das pequenas e das medianas. Con todo, unha crise prolongada de ambos os factores faría menos resilientes ás explotacións de maior produción.
- Na nova situación sen cotas a sustentabilidade das explotacións leiteiras vai estar condicionada por aspectos económicos e demográficos. Na parte económica considérase necesario unha mellora das rendas, o que vai depender da súa capacidade para aumentar a produción, do poder de negociación coa industria, da revalorización do produto e da redución de custos. No entanto, tamén se observa a necesidade de acometer actuacións relacionadas coa base territorial, o traspaso xeracional e o apoio á diversificación produtiva e ao estado financeiro. ■

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Arnalte E. (2007) Economía política de ajuste estrutural en la agricultura de los países desarrollados. *Políticas agrarias y ajuste estructural en la agricultura española*, 17-54.

Calcedo V. (2013) Cantabria en el sector lácteo español: un radical cambio estructural. *Revista Española de Estudios Agrosociales y Pesqueros*, 234, 13-48.

FEGA (2018) Fondo Español de Garantía Agraria. Declaraciones obligatorias del sector vacuno de leche: noviembre de 2017. Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medioambiente.

https://www.fega.es/sites/default/files/Informe_vacuno_noviembre.pdf Consultado: 22 de enero de 2018.

Santiso J. y Sineiro F. (2016) La política láctea europea, en cuestión. Crisis de excedentes y problemas específicos en el sector lácteo español. *El sector lácteo español en la Encrucijada*, 57-91.

Sineiro F., Santiso J., Calcedo V. y Lorenzana R. (2010) *El sector lácteo: escenarios de evolución*. COVAP. I premio internacional ganadería COVAP. Pozoblanco, Córdoba. 50-53.